



Concello de Oza-Cesuras

BASES PARA A CONTRATACIÓN DAS PERSOAS QUE CUBRIRÁN A XORNADA COMPLETA DURANTE 9 MESES O CADRO DE PERSOAL PARA O PROGRAMA DE FOMENTO DE EMPREGO NO MEDIO RURAL, PROGRAMA GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO DA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN PARA “TAREFAS DE SILVICULTURA, LIMPEZA DE MONTES E XESTIÓN DE BIOMASA, DESBROCE E VALORIZACIÓN FORESTAL DE PISTAS, MASAS E ESPAZOS PÚBLICOS 2026”

PRIMEIRA.- Obxecto da convocatoria

A contratación laboral temporal durante nove meses en xornada a tempo completo, mediante concurso, se fose necesario, das persoas que executarán o “TAREFAS DE SILVICULTURA, LIMPEZA DE MONTES E XESTIÓN DE BIOMASA, DESBROCE E VALORIZACIÓN FORESTAL DE PISTAS, MASAS E ESPAZOS PÚBLICOS 2026” incluída no “Programa de Fomento de Emprego no Medio Rural, Programa Galicia Suma Talento: Rural Activo” mediante a execución de obras e servizos de interese xeral e social, competencia das entidades locais rurais a través da contratación de persoas traballadoras desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas e estaren dispoñibles para o emprego – tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego - para a realización de tarefas de silvicultura, limpeza de montes e xestión de biomasa, desbroce e valorización forestal de pistas, masas e espazos públicos deste concello, co obxecto de proporcionarlles a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral que a continuación se relacionan:

- **1 tractorista**
- **1 prazas de oficial forestal.**
- **3 prazas de peóns forestais**

A devandita contratación realizarase con base á subvención concedida pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, ao abeiro da ORDE do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento TR351G).

SEGUNDA.-Condicións dos/as aspirantes.





Concello de Oza-Cesuras

1. Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter a nacionalidade española ou ser nacional doutro Estado membro da U.E. ou daqueles Estados aos que se refire e nas que condicións que establece o artigo 57 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. Os estranxeiros con residencia legal en España poderán acceder, como persoal laboral, en igualdade de condicións que as persoas españolas.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas da praza á que se opta. A condición de discapacitado e a súa compatibilidade para o desenvolvemento das funcións correspondentes á praza acreditaranse por certificación expedida pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou polo organismo ou departamento que sexa competente para iso.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa, agás que por lei se estableza outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público de que se trate.

d) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Deberán ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas e estar dispoñibles para o emprego, tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego acorde co previsto no artigo 14.1 da ORDE do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento TR351G).





Concello de Oza-Cesuras

f) Tendo en conta que o artigo 14.6 da citada Orde do 22 de xaneiro de 2026, establece que “Terán preferencia as persoas que teñan prevista a realización deste tipo de medidas no seu itinerario de inserción laboral e, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral, tales como:

a) Persoas desempregadas que participasen en obradoiros de emprego, programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD), relacionadas co eido forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandería e xardinaría.

b) Persoas integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia

c) Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero, de trata de seres humanos ou de explotación sexual.

d) Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional

e) Persoas paradas de longa duración.

f) Persoas con discapacidade.

g) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito.

h) Persoas desempregadas maiores de 45 anos.

i) Persoas trans.

j) Persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España.

Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendendo por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento”

Os aspirantes poderán achegar para acreditar as circunstancias que se indican, a documentación que se sinala para cada un dos colectivos:

- **Persoas desempregadas que participasen en obradoiros de emprego, programas integrados de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD), relacionadas co eido forestal, conservación e mellora de montes,**





Concello de Oza-Cesuras

silvicultura, agricultura, gandería e xardinaría, acreditarase ca certificación do título correspondente.

- **Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social**, especialmente persoas beneficiarias da Renda de Integración Social de Galicia, ou as persoas trans. Acreditarase mediante informe expedido polos servizos sociais municipais do seu concello de residencia habitual ou no caso da **RISGA** mediante Resolución de concesión e/ou renovación da Consellería de Política Social. No caso de persoas trans acreditarase mediante resolución de “Rectificación rexistral da mención relativa ao sexo das persoas e adecuación documental”.
- **Mulleres** e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero. Acreditarase mediante copia da orde de protección ou informe do Ministerio Fiscal, certificación dos servizos sociais da administración competente ou do centro de acollida, ou por resolución xudicial.
- **Menores de 30 anos**, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional. Acreditarase con fotocopia do DNI e certificado de vida laboral.
- **Persoas paradas de longa duración**. Aos efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo de dous anos como demandantes de emprego. Acreditarase mediante copia da certificación expedida polo organismo competente relativa ao tempo no que o aspirante ao posto de traballo leva anotado no paro expedido polo organismo competente.
- **Persoas con discapacidade**: aquelas que teñen recoñecida pola administración competente, unha discapacidade igual ou superior ao 33%. A acreditación da discapacidade acreditaranse con copia da certificación expedida pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou polo organismo ou departamento que sexa competente para iso.
- **Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego** a que tivesen dereito. Acreditarase mediante certificado emitido polo SEPE.
- **Persoas desempregadas maiores de 45 anos**. Acreditarase con fotocopia do DNI.
- **Persoas trans**. Acreditarase con documentación xustificativa de ter procedido á rectificación rexistral da mención relativa ao sexo no Rexistro Civil.
- **As persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España**. Acreditarase co Certificado de Emigrante Retornado (CER) en vigor, no caso das persoas estranxeiras acreditarase co NIE





Concello de Oza-Cesuras

- **IPI (Itinerario Personalizado de Inserción)** acreditarase cun informe do servizo de orientación laboral ou dos servizos públicos de emprego.

2. De conformidade co establecido no artigo 14.3 da citada Orde do 22 de xaneiro de 2026 (DOG Núm. 24, do 5 de febreiro de 2026), *pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento TR351G)*: “As persoas traballadoras que foran contratadas no programa Apror rural (TR351G), por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2025 pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, no ámbito de colaboración coas entidades locais, non poderán ser contratadas con cargo ás axudas previstas nesta orde, agás que o fosen en concellos rurais de menos de 10.000 habitantes (padrón municipal de habitantes 2025. IGE)”.

3. Dado que o proceso selectivo se desenvolve simultaneamente para os tres postos de traballo (tractorista, oficial forestal e peón forestal) que cubrirán o cadro de persoal do programa de fomento de emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo 2026 cada un dos aspirantes so poderá presentar solicitude de participación para un único posto de traballo (tractorista, oficial forestal **ou** peón forestal)

TERCEIRA.- Requisitos para a selección.

De conformidade co establecido nas bases do programa de fomento de emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo 2026, para a execución de obras e servizos de interese xeral e social, competencia das entidades locais rurais a través da contratación de persoas traballadoras desempregadas para a realización de tarefas de silvicultura, limpeza de montes e xestión de biomasa, desbroce e valorización forestal de pistas, masas e espazos públicos deste concello, co obxecto de proporcionarlles a experiencia e práctica profesional necesarias para facilitar a súa inserción laboral, aprobadas pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, as persoas a contratar deberán ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo.

O concello de Oza-Cesuras realizará a preselección para a contratación do persoal a través do Servizo Público de Emprego e de acordo cos principios de publicidade, concorrência, igualdade,





Concello de Oza-Cesuras

mérito e non discriminación, mediante a presentación de oferta de emprego na oficina de emprego correspondente nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia aos requisitos e ás características que deben reunir os/as traballadores/as que se contratarán para o axeitado desempeño das funcións inherentes ao posto de traballo ofertado.

A oficina de emprego realizará unha sondaxe e preseleccionará ao maior número posible de candidatos/as, correspondendo ao Concello a selección definitiva.

CUARTA.- Solicitude dos aspirantes

1. Recibida no concello a listaxe de preseleccionados para candidatos remitida polo Servizo Público de Emprego de Galicia, o concello poñerase en contacto telefónico con cada un deles para informarlles deste programa e invitarlles a participar, para o cal dende a data de publicación destas bases na páxina web do concello (www.concellodeozacesuras.es) e **ata as 14:00 horas do día 19 de xuño de 2026** abrírase o prazo para que, se están interesados, presenten a correspondente instancia conforme ao modelo oficial que poderán obter nas oficinas municipais ou mediante descarga na páxina web.

2.- A solicitude de participación deberá presentarse no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos procedementos que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP). A presentación da solicitude de xeito telemático na sede electrónica deste concello realizarase a través do enlace da páxina web (www.concellodeozacesuras.es) cos certificados dixitais admitidos na mesma. No suposto de que a instancia non se presente no Rexistro Xeral do Concello o candidato deberá remitir copia da solicitude ao Fax 981 792025 antes do remate do prazo de presentación das solicitudes.

3.- A presentación da solicitude supón o coñecemento e aceptación expresa do contido destas bases.

4.- A presentación da solicitude fora de prazo suporá a non admisión do aspirante ao proceso selectivo.

5.- A solicitude deberá ir acompañada pola seguinte documentación:

- a) Orixinal ou copia do DNI ou documento correspondente ao país da UE.





Concello de Oza-Cesuras

- b) Declaración responsable de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas da praza á que se opta. No seu caso, a condición de discapacitado e a súa compatibilidade para o desempeño das funcións correspondentes á praza acreditarase por certificación expedida pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou polo organismo ou departamento que sexa competente para iso.
- c) Declaración responsable de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado.
- d) Orixinal ou copia da tarxeta de figurar inscrito/a como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia.
- e) Documentación acreditativa, no seu caso, de pertencer a algún dos colectivos indicados na base 2.1.f) das presentes.
- f) No seu caso, documentos acreditativos dos méritos indicados na base sétima das presentes ao obxecto da súa valoración: orixinais ou copias dos xustificante da experiencia laboral, xa que non se tomarán en consideración nin serán estimados aqueles servizos que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de instancias.
- g) Autorización para a cesión á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración dos datos persoais relacionados, no seu caso, co contrato de traballo.

Os interesados se responsabilizarán da veracidade dos documentos que presenten e, cando a relevancia do documento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia o concello poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias aportadas polo interesado, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal (artigo 28 LPACAP)

Así mesmo, o concello de Oza-Cesuras, agás que o interesado manifeste a súa oposición, consultará e recabará de oficio aqueles documentos dos anteriormente citados que foran elaborados polo concello de Oza-Cesuras así como polo antigos concellos de Oza dos Ríos e Cesuras así como aqueloutros que xa foran aportados con anterioridade no rexistro xeral deste concello sempre que se indiquen en qué momento foron presentados.





Concello de Oza-Cesuras

QUINTA.- Admisión de aspirantes

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ou órgano delegado ditará resolución declarando aprobada a listaxe de admitidos e excluídos. Dita resolución, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello, e que tamén poderá publicarse na páxina web oficial do concello (www.concellodeozacesuras.es) sen carácter preceptivo, deberá conter a composición nominal do órgano ou tribunal seleccionador, integrado por catro persoas, tanto titulares como suplentes, o lugar, data e hora de comezo dos exercicios e, de ser o caso, a orde de actuación dos aspirantes.

SEXTA.- Comisión seleccionadora

- Presidente: funcionario/a do Concello de Oza-Cesuras.
- Vogais: 2 empregados públicos (funcionarios ou persoal laboral) do concello de Oza-Cesuras) e
- Secretario: (con voz pero sen voto) o secretario do concello ou funcionario/a en quen delegue.

Non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, sendo preciso, en todo caso a asistencia do presidente e do secretario.

SÉTIMA.- Proceso de selección.

O proceso de selección contará de dúas fases:

1ª.- Fase de concurso. Puntuación máxima: 2 puntos. Nela valoraranse os seguintes méritos:

- Haber acadado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas (**ata un máximo de 0,75 puntos**).
 - Por cada programa finalizado de duración igual ou superior a 200 horas e inferior a 500 horas (0,25 puntos)
 - Por cada programa finalizado de duración igual ou superior a 500 horas e inferior a 1000 horas (0,50 puntos)
 - Por cada programa finalizado de duración igual ou superior a 1000 horas (0,75 puntos)

Para valorar este programa terase en conta que estean dirixidos a persoal en risco de exclusión





Concello de Oza-Cesuras

social; contido e número de horas.

- Experiencia profesional en postos similares: **0,05 puntos por mes completo traballado ata un máximo de 1 punto**. No caso do tractorista ata un máximo de 1,25 puntos.
 - Computarase 0,05 puntos por mes completo, realizando o cálculo mediante a suma do total dos días traballados por cada un dos candidatos/as e acreditados no informe de vida laboral e a súa posterior división entre 30, depreciando os días sobrantes.
- Posuír carné de conducir tipo B: **0,25 puntos (No caso do tractorista non se puntúa)**

Acreditación de méritos:

- A realización dos programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas acreditarase mediante documento expedido pola autoridade correspondente onde conste o seu título, o nome, apelidos e DNI do participante e o número de horas.
- A experiencia profesional deberá ser acreditada con orixinais ou copias dos correspondentes contratos laborais e informa de vida laboral expedido pola Seguridade Social ou organismo oficial, ou mediante a correspondente certificación, no caso das Administracións Públicas.
- A posesión do carné de conducir tipo B acreditarase mediante copia do permiso de condución.

Non serán valorados os méritos das persoas que non se acrediten do xeito e no tempo indicados.

2ª.- Fase de oposición. Puntuación máxima 8 puntos. Consistirá en:

a. Realización dun exame tipo test sobre materias relacionadas co temario anexo. Esta proba escrita será un test de 15 preguntas e **valorarase de 0 a 3 puntos**, debendo obter unha puntuación mínima de 1 punto para superar a proba. Cada pregunta acertada valorarase con 0,20 puntos.

b. Realización dunha proba práctica aos/as aspirantes que superen o exame tipo test que consistirá na realización de diversas tarefas e actividades con tractor-desbrozadora, con motoserpa ou con desbrozadora.

O tempo máximo para a realización deste exercicio será de 15 minutos.

A proba práctica **cualificarase de 0 a 3 puntos** e será necesario para superalo un mínimo de 1,5 puntos.





Concello de Oza-Cesuras

c. Entrevista persoal, na que se farán preguntas relacionadas coas tarefas a desenvolver no posto de traballo, interese demostrado no posto de traballo, así como preguntas relativas ó nivel de coñecementos axeitados ao posto de traballo ao que se aspira e será cualificada cun **máximo de 2 puntos**.

No caso de que non se presenten máis solicitudes que número de prazas convocadas para cada un dos postos ofertados, e sempre que reúnan os requisitos esixidos na convocatoria, non será preciso a realización do proceso de selección.

As dúbidas que se susciten serán resoltas pola citada Comisión, que terá a facultade de interpretar estas bases, facendo constar na acta correspondente os acordos adoptados.

OITAVA.- Formalización do contrato.

A Comisión Seleccionadora propondrá ao Sr. Alcalde a contratación daqueles/as aspirantes que obtivesen a maior puntuación.

Ditos/as aspirantes propostos/as presentarán no prazo que se lles indique, os seguintes documentos:

- a) Certificado de titularidade de conta bancaria.
- b) Copia de tarxeta sanitaria ou número da Seguridade Social.
- c) Copia da tarxeta de demandante de emprego non ocupada e de estar dispoñible para o emprego

No caso de que dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior debidamente acreditados, non presentasen a documentación ou da mesma se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, podendo contratarse ao seguinte da lista ou quedando anuladas todas as actuacións, segundo proceda, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

A formalización do contrato realizarase conforme ao previsto na lexislación vixente, utilizando necesariamente a modalidade de contrato de modelo de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego (código de contrato 405), segundo o previsto no artigo 15 da citada Orde do 22 de xaneiro de 2026 (DOG Núm. 24, do 5 de febreiro de 2026) pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo e se procede a súa





Concello de Oza-Cesuras

convocatoria para o exercicio do ano 2026.

NOVENA.- Lista de reserva

Rematado o proceso selectivo farase unha relación de persoas, en orde decrecente de puntuación. Os que formen parte da mesma poderán ser chamados (sempre respectando a orde da lista) para cubrir prazas non cubertas por situación de renuncia voluntaria e/ou procesos de incapacidade temporal.

DÉCIMA.- Resolución de incidencias

O Tribunal de selección queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten, e para adoptar os acordos necesarios para o bo funcionamento do proceso de selección, en todo o non previsto nestas bases, facendo constar na acta correspondente os acordos adoptados.

ANEXO.- Temario

Tema 1. Uso e mantemento de tractores, desbrozadoras e motoserras.

Tema 2. Sinalización vial en traballos forestais.

Tema 3. Seguridade en máquinas agrícolas e forestais.

En Oza-Cesuras, na data da sinatura electrónica

O ALCALDE,

Ado: José Pablo González Cacheiro





Concello de Oza-Cesuras

ANEXO I

D./ D^a/ _____
con DNI _____ e enderezo en _____
_____, teléfono _____ email _____

EXPÓN:

Informado sobre o “Programa de Fomento de emprego no medio rural (PROGRAMA GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO - anualidade 2026), desexa participar no proceso selectivo para a contratación laboral das seguintes prazas durante 9 meses a xornada completa dentro do cadro de persoal que executarán o programa denominado “Traballos de silvicultura, limpeza de montes e xestión de biomasa, desbroce e valorización forestal de pistas, masas e espazos públicos 2026” ao abeiro da subvención concedida pola Xunta de Galicia – **marcar a opción que proceda - :**

Unha praza de oficial forestais.

Tres prazas de peóns forestais.

Unha praza tratorista

*(De conformidade co establecido na base 2.3 das reguladoras do proceso selectivo: cada un dos aspirantes so poderá presentar solicitude de participación para un único posto de traballos (tratorista, oficial forestal **ou** peón forestal)*

Que reúne os requisitos esixidos na base 2.1 a), b), c), d), e) e f) das que rexen o proceso selectivo.

Que aos efectos previstos no artigo 14.6 da Orde do 22 de xaneiro de 2026 (DOG Núm. 24, do 5 de febreiro de 2026) está incluído no seguinte **colectivo con especiais dificultades de inserción laboral (Sinalar o colectivo que corresponda):**





Concello de Oza-Cesuras

Persoas desempregadas que participasen en obradoiros de emprego, programas mixtos de formación e emprego ou accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas traballadoras desempregadas (AFD) relacionadas co eido forestal, conservación e mellora de montes, silvicultura, agricultura, gandería e xardinaría acreditarase ca certificación do título correspondente.

Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da Renda de Integración Social de Galicia. Acreditarase mediante informe expedido polos servizos sociais municipais do seu concello de residencia habitual ou no caso da RISGA mediante Resolución de concesión e/ou renovación da Consellería de Política Social.

Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero. Acreditarase mediante copia cotexada da orde de protección ou informe do Ministerio Fiscal, certificación dos servizos sociais da administración competente ou do centro de acollida, ou por resolución xudicial.

Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional. Acreditarase con fotocopia do DNI e certificado de vida laboral.

Persoas paradas de longa duración. Aos efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo de dous anos como demandantes de emprego. Acreditarase mediante copia cotexada da certificación expedida polo organismo competente relativa ao tempo no que o aspirante ao posto de traballo leva anotado no paro expedido polo organismo competente.

Persoas con discapacidade: aquelas que teñen recoñecida pola administración competente, unha discapacidade igual ou superior ao 33%. A acreditación da discapacidade acreditaranse con copia cotexada da certificación expedida pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou polo organismo ou departamento que sexa competente para iso.

Persoas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito. Acreditarase mediante certificado emitido polo SEPE.

Persoas desempregadas maiores de 45 anos. Acreditarase con fotocopia do DNI.

Persoas trans . Acreditarase con documentación xustificativa de ter procedido á rectificación rexistral da mención relativa ao sexo no Rexistro Civil.

Persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España. Acreditarase co Certificado de Emigrante





Concello de Oza-Cesuras

Retornado (CER), e que dito certificado non sexa anterior ao 3 maio do 2021, no caso das persoas estranxeiras acreditarase ca tarxeta da autorización de permiso de residencia e traballo.

- **IPI (Itinerario Personalizado de Inserción)** acreditarase cun informe do servizo de orientación laboral ou dos servizos públicos de emprego.

Que acepta expresamente o contido das bases para a contratación das persoas que cubrirán o cadro de persoal para o **“BASES PARA A CONTRATACIÓN DAS PERSOAS QUE CUBRIRÁN A XORNADA COMPLETA DURANTE 9 MESES O CADRO DE PERSOAL PARA O PROGRAMA DE FOMENTO DE EMPREGO NO MEDIO RURAL, PROGRAMA GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO DA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN PARA “TAREFAS DE SILVICULTURA, LIMPEZA DE MONTES E XESTIÓN DE BIOMASA, DESBROCE E VALORIZACIÓN FORESTAL DE PISTAS, MASAS E ESPAZOS PÚBLICOS 2026”** e en concreto, que coñece que non serán valorados os méritos que non se acrediten do xeito indicado nas mesmas.

SOLICITA:

Ser admitido no procedemento da citada contratación laboral para o que en cumprimento do establecido na base 4ª das reguladoras da contratación

DECLARA RESPONSABLEMENTE

Que reúne os requisitos esixidos para poder optar á/s praza/s anteriormente sinalada/s. En concreto:

- Que posúe a capacidade funcional para o desempeño das tarefas da praza á que opta.
- Que non ten sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin se encontra en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado.

E achega a seguinte **DOCUMENTACIÓN**:





Concello de Oza-Cesuras

Orixinal ou copia do DNI ou documento equivalente ao país da UE.

Declaración responsable de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas da praza. (no presente impreso).

Declaración responsable de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. (no presente impreso).

Orixinal ou copia da tarxeta de figurar inscrito/a como demandante de emprego no Servizo Público de Galicia.

Documentación acreditativa, no seu caso, de pertencer a algún dos colectivos con especiais dificultades de inserción laboral, indicados na base 2.1 f) das presentes.

Acreditación dos méritos indicados na base 7ª ao obxecto da súa valoración na fase de concurso:

Orixinais ou copias dos xustificantes da experiencia laboral (contratos de traballo ou a correspondente certificación expedido pola corporación local ou administración correspondente xunto co informe de vida laboral).

Carné de conducir

Certificados dos programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas

Asdo.:





Concello de Oza-Cesuras

ANEXO II

No tocante á documentación que se achega, o abeiro do establecido no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP) DECLARO que todos os documentos son veraces, que concordan cos orixinais que posúo e que os exhibirei en calquera momento a requirimento dese concello.

[] **AUTORIZO:** Ao Concello de Oza- Cesuras a consultar e recabar aqueles documentos dos anteriormente citados que foran elaborados polo concello de Oza-Cesuras así como polo antigos concellos de Oza dos Ríos e Cesuras así como aqueloutros que xa foran aportados con anterioridade no rexistro xeral deste concello nas seguintes datas:

_____.

[] **NON AUTORIZO:** Ao Concello de Oza- Cesuras a consultar e recabar aqueles documentos dos anteriormente citados que foran elaborados polo concello de Oza-Cesuras así como polo antigos concellos de Oza dos Ríos e Cesuras nin aqueloutros que xa foran aportados con anterioridade no rexistro xeral deste concello.

En Oza- Cesuras, a ____ de _____ de 2026

Asdo.:





Concello de Oza-Cesuras

ANEXO III

AUTORIZACIÓN PARA A CESIÓN DE DATOS PERSOAIS

Don/Dona	
NIF	

Como traballador/a do concello:

CONCELLO	
NIF/CIF	

AUTORIZO á entidade sinalada para a cesión á Xunta de Galicia dos datos persoais relacionados co meu contrato de traballo, para os efectos de presentalos como xustificantes de gasto das axudas PROGRAMA GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO 2026.

DATA	
------	--

(Sinatura do/a traballador/a)

